

PREGO DE CONDICIÓN S QUE REGULARÁN A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE CRÉDITO POR PRAZO DUN ANO POR IMPORTE DE CINCOCENTOS QUINCE MIL EUROS (515.000,00 €) PARA A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE. EXPEDIENTE E2/2025.

1.- OBXECTO DE CONTRATO

O obxecto do contrato consiste na concertación dunha operación de crédito a curto prazo por importe de cincocentos quince mil euros (515.000,00 €) para á atención de necesidades transitorias de tesourería, coas características que se detallan no apartado terceiro.

2.- NATUREZA DO CONTRATO

2.1 A presente operación de crédito é un contrato privado. Non obstante, os actos de preparación e adxudicación do contrato rexeranse polos principios establecidos na Lei de contratos do Sector Público.

2.2 A orde xurisdiccional civil será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes na execución deste contrato, e con renuncia ao seu propio foro, sométense aos xulgados e Tribunais de Ourense, respecto de calquera incidencia que puidese resultar do presente contrato.

3.- CONDICIÓN S MÍNIMAS ESIXIDAS

3.1 Finalidade. Cubrir déficit transitorio de tesourería.

3.2 Importe da operación: 515.000,00 €.

3.3 Modalidade: Conta de crédito.

3.4 Tipo de xuro de referencia: Os tipos de xuro ofertados poderán ser de carácter **FIXO** ou **VARIABLE**. En caso de que se oferte tipo de xuro variable, farase referencia ao **EURIBOR A TRES MESES**.

3.5 Amortización: A operación concertase polo prazo de **UN ANO** coa posibilidade de cancelación anticipada do crédito en calquera momento da vixencia da operación, sen comisións.

3.6 Liquidación de xuros: Trimestral. Os xuros aplicaranse por días naturais e o seu importe calcularase sobre a o saldo diario disposto aplicando o tipo de xuro correspondente polos días naturais en que se dispuxese no período de liquidación.

3.7 Revisión de tipo de xuro: Trimestral.

3.8 Instrumentación: Para o seguimento da operación procederase á apertura dunha conta de crédito. Esta conta de crédito, obxecto da presente contratación, deberá estar aberta e plenamente operativa a disposición da Fundación ao día seguinte da formalización da operación.



3.9 Seguindo instrucións da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, por ser unha fundación pertencente ao sector público autonómico de Galicia, está suxeita a normativa de prudencia financeira aplicable a operacións de endebedamento de acordo coa “Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais”. **Polo que as ofertas das entidades financeiras deben presentarse en termos de prudencia financeira.**

O custo total máximo das operacións de endebedamento, incluíndo comisións e outros gastos, salvo as comisión citadas no Anexo 3, non poderá superar o custo de financiamento do Estado ao prazo medio da operación, incrementado no diferencial que corresponda segundo o establecido no Anexo 3 da Resolución de 4 de xullo.

A Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, a través da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, empregará o Anexo 2 establecido na Resolución de 4 de xullo como metodoloxía de cálculo do custo de financiamento do Estado a cada prazo medio, **debendo reflexar as ofertas presentadas polas entidades financeiras a metodoloxía escollida.**

O diferencial máximo sobre o custo de financiamento do Estado aplicable no caso da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, segundo o establecido no Anexo 3 da Resolución de 4 de xullo, será o correspondente a **50 puntos básicos**.

3.10 Condicións de prudencia financeira vixentes a 24 de novembro do 2025:

Euribor	Fixo	3M
Custo financiamento do Estado a 12 meses	2,03%	0,00%
Diferencial máximo	0,50%	0,50%
Diferencial prudencia financeira	2,53%	0,50%

4.- ENTREGAS

A operación terá a consideración de conta de crédito. Os xuros cargaranse na propia conta de crédito, sempre e cando iso non implique a superación do límite máximo autorizado de disposición. Neste último caso, a Entidade financeira comunicará esta situación a Fundación coa antelación suficiente para que se poida realizar un transvasamento de fondos que cubra esta situación. De non se realizar esta notificación non se admitirá a liquidación de xuros de demora por falta de saldo.

5.- ADXUDICACIÓN

Para a adxudicación deste contrato atenderase exclusivamente ao menor prezo ofrecido polos licitadores, é dicir, á oferta máis vantaxosa dende o punto de vista estritamente económico.

A adxudicación realizarase a favor daquela entidade cunha oferta que se entenda máis favorable para os intereses da Fundación. A proposta de adxudicación deberá estar motivada.

6.- EXPOSICIÓN E PUBLICIDADE

A invitación para presentación de proposicións e o presente prego remitiranse a mínimo cinco entidades bancarias con sucursal aberta na provincia de Ourense, podendo presentarse reclamacións contra o prego dende a data da súa aprobación ata o prazo de finalización de presentación de proposicións.

A invitación para presentación de proposicións e o prego de condicións enviaranse por correo electrónico á persoa de contacto das entidades bancarias con acuse de recibo de recepción do correo, **sendo imprescindible, para participar no proceso de contratación, a confirmación expresa da recepción da invitación e o acceso ao contido do prego de condicións na seguinte dirección de correo electrónico: dpto_administracion@ceteca.net.**

Así mesmo, o prego exporase ata a data final de presentación de ofertas no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Fundación a fin de que calquera entidade que resulte interesada poida presentar oferta.

7.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións poderanse presentar en papel, en sobre pechado e asinado, polo licitador ou persoa que o represente, no seguinte enderezo:

Rexistro da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne
Avda. de Galicia nº 4 Parque Tecnolóxico de Galicia
32900-San Cibrao das Viñas
Ourense

Tamén poderanse presentar por correo electrónico no enderezo dpto_administración@ceteca.net asinada polo licitador ou persoa que o represente.

O prazo de presentación de proposicións finalizará ás **14:00 horas do próximo día 9 de decembro de 2025.**

8.- CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

Departamento de Administración:

Teléfono: 988 548 277

Fax: 988 548 276

e-mail: dpto_administracion@ceteca.net

9.- MODELO DE PROPOSICIÓN

A proposición presentárase debidamente asinada e datada, e formularase conforme ao modelo que se achega.

E non se aceptarán aquelas que conteñan omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer claramente o que a Fundación considere fundamental para considerar a oferta.

MODELO:

D./Dña.-----, en representación de-----, con NIF -----
-----, con enderezo en -----, rúa-----, nº-----, e
DNI-----, informado e aceptando na súa integridade as condicións que regulan a
contratación dunha OPERACIÓN DE CRÉDITO coa Fundación Centro Tecnolóxico da Carne
por importe de 515.000,00 € (Expediente E2/2025), oferta as condicións seguintes das recollidas
na cláusula 3ª das que rexen a contratación:

Na oferta deberá especificarse: Metodoloxía escollida para o cálculo do custo de financiamento
do Estado en base á contida no Anexo 2 da Resolución de 4 de xullo de 2017.

Na oferta deberá especificarse un enderezo de correo electrónico a efectos de notificacións.

No suposto de que exista discrepancia entre as condicións recollidas no documento de póliza de
crédito asinado e as establecidas na oferta, prevalecerán as dispostas na oferta presentada.

San Cibrao das Viñas, 25 de novembro do 2025

Elaborado,

O xefe de administración

Emilio González Cacheiro

O órgano de contratación resolve aprobar o presente prego de condicións

San Cibrao das Viñas,

O director xerente

Miguel Fernández Rodríguez

